

CURSO DE INTERPRETACIÓN DE ACORDEÓN



MARTA CUBAS HONDAL

23 E 24 DE XANEIRO DE 2026

Marta Cubas Hondal (Santander, 2002) debutou con só 16 anos no Auditorio Nacional de Madrid interpretando o **Concerto Indálico** de Alejandro Vivas xunto á Orquestra Metropolitana baixo a dirección de Silvia Sanz. Desde entón consolidouse como unha das acordeonistas españolas máis destacadas da súa xeración.

Actuou en escenarios internacionais como o Musikverein e o Konzerthaus de Viena, o Concert Hall de Tianjin (China), o Palau da Música de Barcelona, o Palacio de Festivais de Santander ou a Fundación Juan March. A súa expresividade e virtuosismo foron eloxiados por directores e crítica.

Colaborou con diversas orquestras, entre elas a JOSAA, a Orquestra Sinfónica de Castela e León e La Partytura Consort, e traballou con directores como Ramón Torrelledó, Paula Sumillera ou Vicent Pelechano.

Foi premiada en concursos nacionais e internacionais, destacando Juventudes Musicales de España, Intercentros Melómano, Classicalia, BTHVN Wien Competition, o Certame Guipuzcoano de Arrasate ou o Trophée Mondial. Recentemente obtivo o 2º premio no Concurso Internacional de Acordeón de Tianjin, no Certamen “Pedro Bote” e no XXXII Certamen Internacional De Acordeón “Arrasate Hiria”.

Forma parte do **Dúo Cubas Hondal** (xunto á súa irmá Cristina) e do **Dúo Éire** (con Elisa Ruiz), con recoñecementos en distintos certames e xiras por España.

Formada con Gorka Hermosa, Iñaki Alberdi e Grzegorz Stopa, actualmente é profesora de acordeón no Conservatorio Profesional Manuel Quiroga de Pontevedra, onde compaxina a docencia coa súa actividade concertística.

Programa do Curso

LUGAR: Sala de Lecer (entreplanta)

DATAS: 23 e 24 de xaneiro

HORARIO: venres de 16-21 e sábado de 10-14h.

Adaptarase segundo a matrícula.

DEREITOS DE MATRÍCULA:

- Alumno/as activos do Centro: 20€ (1 hora-GP); 10€ (media hora-GE)
- Alumno/as activos externos ao Centro: 30€
- Alumnos/as oíntes: 10€

OBXECTIVOS:

Coñecer outros ámbitos musicais.

Poder traballar con outros intérpretes e metodoloxías.

Complementar a formación musical do alumnado de acordeón con outras perspectivas musicais.

CONTIDOS:

- Clases individuais
- Clase maxistral-concerto de carácter pedagóxico (o venres ás 19horas)
-

As inscricións abonaranse en **ABANCA**,

IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809.

O boletín de inscrición e xustificante de pago remitiranse á Secretaría do Centro: cmus.ourense@edu.xunta.gal

O prazo de matrícula remata o día 15 de xaneiro de 2026

A todos os alumnos participantes no curso entregaráselles, ao remate do mesmo, un diploma acreditativo pola súa asistencia.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Curso de Interpretación de _____

Nome e apelidos _____

Enderezo _____

CP e Poboación _____

Teléfono _____ E-mail _____

Nivel de estudos: ☐ G.E. ☐ G.P. ☐ G.S.

Centro de estudos _____

- ☐ Alumnado activo do centro G.E.
- ☐ Alumnado activo do centro G.P.
- ☐ Alumnado activo externo.
- ☐ Alumnado oínte.

Data de inscrición _____

Sinatura _____